

## Que medidas de prevención poden tomar?

Non existe vacina nin tratamento veterinario específico fronte a esta enfermidade.

A única acción preventiva posible é minimizar a exposición dos animais á picadura do mosquito:

- mediante insectidas ou repelentes nas instalacións, nos propios animais e nos transportes de gando.
- eliminando nas explotacións os lugares predilectos para a cría do mosquito (zonas con lama ou materia orgánica con humidade).

## Que facer no caso de sospeita?

No caso de sospeita da enfermidade nos animais domésticos, débese comunicar axiña aos **servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural**, ou tamén aos axentes medioambientais no caso de sospeita en cérvidos silvestres.

Os animais que o precisen deben recibir o tratamento prescrito por unha persoa veterinaria.

## Para máis información poden consultar:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria/sanidade-anim/programas-oficiais/enfermidade-hemorraxica-epizootica-ehe>

# Que saber da ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA



## QUE É A ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA?

É unha enfermidade **producida por un virus**, que afecta principalmente os cérvidos pero tamén os bovinos e en menor medida os ovinos.

**Non é contaxiosa** entre animais, pois **só se infectan a través da picadura de mosquitos infectados**.

Durante o ano existe un período de circulación do mosquito, onde os animais poden infectarse, e outro período (nos meses de inverno) onde ao non existir mosquito no ambiente, non é posible que os animais se infecten e enfermen.

**Non é unha zoonose**. As persoas non se poden infectar nin por contacto con animais infectados nin pola picadura do mosquito. Tampouco polo consumo de carne ou leite de animais infectados.

É unha enfermidade de declaración obrigatoria na Unión Europea e suxeita a certas medidas sanitarias nos movementos de animais sensibles.

## COMO SE TRANSMITE?

Transmítese exclusivamente por vectores, a través da picadura de mosquitos do xénero *Culicoides*. Este mosquito atópase normalmente en Galicia **durante os meses de abril a decembro**, aproximadamente.

## A QUE ANIMAIS AFECTA E COMO?

É unha enfermidade grave en cérvidos silvestres (principalmente o cervo e menos o corzo ou gamo).

En animais domésticos é unha enfermidade de curso xeralmente leve:

- No **gando vacún** pode causar febre, perda de apetito, conxestión e lesións nas mucosas bucal, nasal ou ocular, coxeira ou eritema no ubre. Na gran maioría dos casos remite aproximadamente en 2 semanas.
- O gando ovino é menos sensible, pódese infectar pero é moi raro a aparición de síntomas.
- O gando cabrún é moi pouco sensible e non adoita infectarse.

## POR ONDE ESTÁ ESTENDIDA?

En España foi detectada por primeira vez en Andalucía en novembro de 2022.

En 2023, ao iniciarse o período anual de actividade do mosquito transmisor, comezaron a notificarse casos no mes de xullo. A enfermidade está actualmente estendida por todo o territorio peninsular.

